



## MODIFICACIÓN DA NORMATIVA SOBRE A LIBRE ELECCIÓN E DA NORMATIVA SOBRE MATERIAS OPTATIVAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

### NORMATIVA SOBRE A LIBRE ELECCIÓN

#### Onde di

#### 1.- MATERIAS TRONCAIS, OBRIGATORIAS E OPTATIVAS DE PLANOS DE ESTUDO VIXENTES

11. No suposto de que un alumno superase unha materia optativa que foi ofertada con dobre carácter, poderá solicitar no seu centro, para o remate do correspondente ciclo ou para a finalización dos estudos, o cambio de carácter de dita materia. Se o cambio é de libre configuración a optativa, deberá figurar no seu expediente no 1º ou no 2º ciclo segundo a adscrición da mesma no plano de estudos.  
En ningún caso poderá utilizarse a mesma materia como optativa e como de libre configuración.

#### Debe dicir

#### 1.- MATERIAS TRONCAIS, OBRIGATORIAS E OPTATIVAS DE PLANOS DE ESTUDO VIXENTES

11. No suposto de que un alumno superase unha materia optativa, poderá solicitar no seu centro, para o remate do correspondente ciclo ou para a finalización dos estudos na mesma titulación, o cambio de carácter a libre elección de dita materia. Así mesmo, se a materia foi cursada como libre elección, poderá solicitar o seu cambio a optativa, e a materia deberá figurar no seu expediente no 1º ou no 2º ciclo segundo a adscrición da mesma no plano de estudos.  
En ningún caso poderá utilizarse a mesma materia como optativa e como de libre configuración.

### NORMATIVA SOBRE MATERIAS OPTATIVAS

#### Onde di

#### III. RÉXIME ACADÉMICO DAS MATERIAS OPTATIVAS

22. No suposto de que un alumno superase unha materia optativa que foi ofertada con dobre carácter, poderá solicitar no seu centro, para o remate do correspondente ciclo ou para a finalización dos estudos, o cambio de carácter de dita materia. Se o cambio é de libre configuración a optativa, deberá figurar no seu expediente no 1º ou no 2º ciclo segundo a adscrición da mesma no plano de estudos.  
En ningún caso poderá utilizarse a mesma materia como optativa e como de libre configuración.

#### Debe dicir

#### III. RÉXIME ACADÉMICO DAS MATERIAS OPTATIVAS

22. No suposto de que un alumno superase unha materia optativa, poderá solicitar no seu centro para o remate do correspondente ciclo ou para a finalización dos estudos na mesma titulación, o cambio de carácter a libre elección de dita materia. Así mesmo, se a materia foi cursada como libre elección, poderá solicitar o seu cambio a optativa, e a materia deberá figurar no seu expediente no 1º ou no 2º ciclo segundo a adscrición da mesma no plano de estudos.  
En ningún caso poderá utilizarse a mesma materia como optativa e como de libre configuración.

